# Pregón Nadal 2.004
## Belen Electronico de Bedonte

Benqueridos amigos e veciños deste noble pobo de Bedonte... Miñas DONAS e meus señores:
Chamome Luis RIAL, son xornalista, son home de radio, e precisamente desde hai 15 anos nesta mesma data levo transmitindo para todo Galicia a traveso da Radio Galega o latexar deste Belen electronico, unico no seu xenero que convirte a este pobo da terra chá na capital navideña da provincia e me atrevo a dicir de toda Galicia.
Cando o meu fraterno amigo e entrañable compañeiro Xulio XIZ Ramil, fixome saber a invitación que para pregoar a 32 edición do Belen de BEDONTE me cursaba a organización, SENTIN unha especial emoción.
Sendo eu como son, natural de Santiago, a universal Compostela, tiven desde moi neno un sentimento moi especial por estas terras, pobos humildes ciscados po-la terra chá, como dixo o poeta recentemente falecido Manuel Maria. Así pois, cando se comparte berce, cando se ten historia común cunha vila, cun pobo, cunhas xentes, formase unidade con elas e se comparte o corazón.

2/ ... E cando tales cousas pasan un sinte que pode dirixirse a quenes lle rodean co título que máis nos acerca e po-lo tanto máis nos enlaza: convecíños... Deste xeito queridos convecíños, ei de decir que escribir un pregón non é tarefa sinxela e menos cando os anteriores pregoeiros, foron pezas maestras nas artes conxuntas da gramatica é a oratoria, e a cuios autores rindo tributo de admiración. Neste intre, e aquí, nin quero, nin podo, nin debo esquecer desa nomina de ilustres, Desde aquel primeiro pregoeiro no nadal de 1.972, VICTOR SAEZ, inspector de E.G.B., o Bispo de Mondoñedo - Ferrol, Miguel Anxo Araúxo. O Presidente da Conferencia Episcopal Española, Monseñor Antonio Maria Rouco Varela, que por enton era bispo auxiliar de Santiago. Pregoeiro no Nadal de 1.979, foi o BEGONTINO, afincado en Lugo, compañeiro meu en Radio Nacional e xa falecido Pepe TURNAS BOUZON. Luis Cordeiro, Presidente da Deputación de Lugo. O destacado escritor e paleógrafo, Lames ya falecido Xosé Filgueira Valverde. No ano 1.983 o pregoeiro foi Xulio Xiz Ramil, como dixes, alma mater deste evento.

3/ Monseñor José Gea Escolano, Bispo de Mondoñedo-Ferrol. Antonio Calvo, Delegado Provincial de Cultura. No ano 1.991, Manuel FRAGA Iribarne, presidente da Xunta de Galicia, pronunciou o pregón no nadal en BEGONTE. E, o ano pasado o presidente do parlamento galego José María García Leira.

Ante esta ringleira de persoalidades, e moitos mais que non citei para non cansar a atención de vostedes; ¿que lles pode decir este campesiño de vocación frustrada?

Sin embargo debo manifestarlles que me sinto aquí e agora, entre o esperpento, e o ridículo, creome sen poder remedialo parecer a Don Quijote, facendo penitencia en Sierra Morena, esfarrapado e vestido tan sóo de panos menores.

Dixen moitas veces que a condición de pregoeiro impón. Impón porque en certo senso implica a misión de embaixador. O Pregoeiro, en efecto embaixador dunha vila ante quen visita, é cantor das suas virtudes, e, notario das suas mellores cualidades.

Por outra banda o oficio de pregoeiro e complicado, propio de xentes feitas e dereitas

4/... como tódolos que me precederon, ou de temerarios que como a min usan o cariño e a voluntade.

Así pois este exercicio de pregoeiro, que hoxe me confiaron non podo facelo sin afecto. E polo tanto debo comenzar como o fixen... cunha declaración de amor. Amo a esta terra. ~~As veces~~ e a amo tanto, que as veces dóeme que non medre mais deprisa, que non chegue mais alto, que non camiñe mais forte.

Pero po-la conta BEGONTE e coñecido en Galicia e fora das nosas fronteiras polo seu Nadal, polo seu Belen electronico.

Hoxe estou aquí, donas e cabaleiros para pregoar o Nadal desta terra, e vou-no facer como un romance, case que unha cantiga de cego que di así...

Veciños de BEGONTE
Desta comarca fermosa
galegos do mundo enteiro
xente curiosa e diversa
Dende que o poeta FIZ VERGARA Vilariño
escribirá uns sonetos o Nadal
onde decia...
INQUEDOS armadanzas con paciencia
Ergueron en Begonte un monumento

5 - Ronsel de paz divina, facha o vento
Rebordante de amor e transparencia.
Deronlle, apaixoados, a inocencia
da poliña do Camiño Borrallento.
mixturada cun maximo talento
a se erixir no centro da conciencia.
Derónlle, asemade, luz da estrela
guieiro dos peregrinos ao portal
na grande noite osea e misteriosa.
Déronlle, en fin, ciencia ben sinxela.
pra facer de BEGONTE unha lanza
Galilea máis Galega e mais fermosa.

Pero amigas e amigos...
as cousas non saien da nada
nin suceden porque si.
neste mundo no que nos tocou vivir
todo nace do traballo
dun traballo organizado
onde homes e mulleres das Dezanove parroquias
que integran o concello de BEGONTE, creeron,
e apostaron forte polo seu Nadal, e se-
sinten orgullosas de presentar desde hai
33 anos o Belen o seu Belen,

6/ Neste sabado ONCE DO mes de Nadal, BEGONTE vístese de festa, é a maior festa da historia... Lembrar o nacemento do NENO DEUS... de ponto como unha eclosión da semente que brota puxante da terra fertil... todo cobra vida no BELEN, mercede o inxenio de unhas mans que día a día traballan na procura de que hoxe todo este a punto, para que un ano máis, miles e miles de persoas contemplen durante mes e medio este espectaculo singular, e unico... é o Belen electronico de BEGONTE.

Corría a decada dos setenta, era a epoca dos 600, era a epoca dos guateques. UN crego Bo e xeneroso, que xa está no mundo da virdade, para mais inrri DON. José DOMINGUEZ Guizan, tivo noticias que no centro de Formación Profesional Acelerada da Coruña fixeran un belen movido por electricidade, a curiosidade do Bo CREGO en coñecer este belen fixose realidade, bastaron duas visitas para interpretar as entrañas e o corazón do belen Herculino. E ese mesmo ano 1.972, BEGONTE presentaba o mundo un Belen, meior, máis orixinal.

Efectos sonoros en perfecta sintonia cos visuais acompañados dos movimentos das figuras, noite e día, treboadas, raios e tronos, neve,... a maxia da lua ou mesmo o resplandor do astro rei... o sol... Acababa de nacer o Belen

7/ máis máxico e visitado, me atrevo a
decir de todo o Estado Español.
Pero este pregón... miñas donas e meus señores,
quedaría coxo, senon adicara unhas verbas o
crego D. José Sominfuez Quizan... nos tives
a sorte de coñecelo, pero as persoas que o trataron
dixeronme que era todo un caracter, transformou
Begonte en todolos eidos. De ser un simple
punto no mapa da Provincia de Lugo, convirteu
este pobo nunha referencia en torno o nadal galego.
Fixo de Begonte unha comarca modelica de
concentración parcelaria e desenvolvemento
rural. Mercou e donou os terreos do Colexio
Publico. Reformou esta Irexa, onde hoxe estamos
e construiu o novo cemiterio. De unhas
cuadras de animais fixo un dos centros
culturais máis importantes da provincia...
Pero na sua casa rectoral habia goteiras...
se pasaba frio. Non consigueo pasar de un
modesto SEAT 127 para realizar as suas
visitas como pastor de almas. Incluso
a sua sotana de cura amosaba a sua entrega
co-los demais. A sua caridade cos mais necesitados
non tiña limites.

8/ Permitime amigo e compañeiro Xulio Xiz,
autor do libro "EL BELEN DE BEGONTE"
que cite uns parrafos que adicas a
DON. Jose...

Estoy firmemente convencido de que D. José
murió igual de pobre que Jesús de Nazaret,
e igual de rico; su riqueza es este pueblo.
Llamaba la atención su viveza, pero también
su humilde sotana, su vida sobria, su tesón.
El deseo de que BEGONTE como comunidad
humana, como pueblo viviese. Le preocupaba
el alma de los feligreses pero también los cuerpos.
Más aún, el cielo no tendría sentido si no estuviese
lleno de D. Josés de Begonte. A pesar de que no
puede haber muchos. Seguro que Dios no puede
ponernos tan alto el listón.

Nas inmediacións de esta irexa, da sua irexa,
un busto en bronce lembranos al buen cura
que se nos foi un 25 de ABril do ano 1.986.
unha placa que perpetua a sua memoria
o seguinte epitafio: "A DON. José de Begonte
con su trabajo y su pobreza nos enriqueció
a todos".

9/... UN Poema de Enmelia Sanz Vaca deste xeito o lembra.

"Aquí enterraste el corazón gozoso y Dios dijo: EN BEGONTE yo me quedo, junto a ti para siempre. Ya no puedo apagar de mi mente el poderoso latido del pesebre:

¡Que reposo les ofreces a mi cuna y a mi credo! Potencias mi venida con tu enredo de electronico rio caudaloso.

¡OH Begonte, ya entiendo la esperanza!"

Na miña condición de pregoeiro, e facendo un pequeno resumo da vida do Belen, quixera decirlles que mentres viviu DON. José, seu hirmán D. Jesús, aquí presente, tamen crego de ferrea vocación, estivo o seu carón pero nun discreto segundo plano. E como se tratase de cumprir a derradeira voluntade do fundador do Belen, DON. Jesús Dominguez Cruzas colle as rendas de esta expresión de fé que cada nadal se repite desde hai 33 anos. Sorprende a todos pola sua inxente capacidade de traballo. Non tan soo a continuidade esta garantida senon que D. Jesús asumiu de tal maneira a herdanza de traballo e servicio que o Belen e suas actividades cada ano van a máis, mesmo traballando na confección de reproducións en pedra de diferentes casas rurais galegas.

10/ Todo aquí en BEGONTE esta preparado para que se alce o telón da 33 edición do Belen electronico... CHEGA o nadal e a chaira estrea traxe, porque en Begonte xurde un monumento para louvar de cote o nacemento. CHEGA ó Nadal e mudase a paixaxe, porque na chaira hai festa sen lamento. Son as mans dos bos e xenerosos que desde sempre fixeron posible o milagre do que van presenciar... Neste intre se me ocurre adicarlle unhas verbas moi especiais nas que quero expresar en forma de Benaventuranzas a admiración que sentimos. Excelentisimas donas e cabaleiros do Reino do Nadal con capital na Republica de Begonte, xentes sencillas que atopastes nesta fermosa terra, calidade e forma de vida, e estades orgulosos do voso Belen... Benaventurados sexades José Rodriguez Varela "Varela ou Joselin, para os amigos - alma mater, proxecta, construie, deseña, lai montaxe da vida no belen... Benaventurado sexa Dionisio Varela Barro, durante a primeira decada do Belen correu con toda a electronica de montaxe e cordenación do mesmo. Benaventurado sexa José Antonio Abelleira, ó manitas de ouro que dirixe todo o aspecto electronico do Belen. Benaventurados os socios de honra do Belen de Begonte que fixedes do Belen un dos vosos patrimonios

11 / Benaventurados os que participaron e segues participando nos certames de vilancicos, xornalismo, poesía, debuxo, pintura ambientación navideña... maxistralmente organizados po-lo centro cultural de Begonte.
Benaventurados todolos colaboradores, persoas anonimas que sen pedir nada a troques, aportades o voso grao de area para que cada ano o Belen sexa un exito.
Benaventurada sexa a Coral "La Salle" de Santiago que coa sua participación neste acto contribuie o explendor desta inauguración.
Benaventurados todos os que estades neste sagrado recinto, escoitando a este locutor de Radio, que un día pediulle o vento que cada ano poidera cantar po-las ondas este singular e unico Belen, é o vento fixo o Milagre, dende hai 15 anos.
Por eso tamen, dende o sereno exercicio da observación, que no é senón a consecuencia da miña profesión de xornalista, gustariame dende este atalaya, convidar a moitos galegos e non galegos, a que fagan profesión de FE, eiquí o carón do Belen.
A que fagades de Begonte pousada,
preciño do Portal,

12/... Que participedes con nós e como nós
nestas datas tan entrañables. Queremos
saciar a vosa sede de paz, de repouso, de
sosiego nun pobo que non necesita a historia,
ainda que a teña é Gloriosa.
Quedaos, participade; porque un lugar é grande
cando conserva a súa capacidade para
asombrar, e á bon seguro que o Espectaculo
desde hoxe ata o 31 de Xaneiro os Brinda
este pobo único. Pero tamen asombra
a bondade das súas xentes, a súa condición
afable e a súa grandeza de ben.
A estas alturas confio en que non se
cumpra aquel dito de Pregón e sermón.
Non era a miña intención SERMONEAR,
pero como as veces pregón e sermón se parecen,
ainda que só sexa porque riman, máis
vale que me acolla a vosa benevolencia.
Unha benevolencia que preciso tanto
e máis canto que xa non poderei cumprir
aquelo que ten dito o clasico "que o bó
se breve duas veces bó".

13/ ... En todo caso farei o posible por axustarme
xa que casi esquezo para que estou aquí,
e sobor de todo as ganas que vos tedes de que
remate o meu soliloquio, os libere do deber
cortés da atención, e poidamos todos xuntos
seguir celebrando esta Eucaristía para logo escoitar
unhas fermosas "pauxoliñas" como preámbulo
do Nadal. que está ás portiñas...

Xa se cala o pregoeiro
xa o pregoeiro vos deixa
Xa se vai o pregoeiro
xa volta pra o seu exilio

[redacted] Mais o acabar o pregón, quero adicarlle
a miña terra, desde este altar, unhos versos
de Xosé Carlos Gómez Alfaro:

DURME NOSO NENO DURME
DURME NO COLO DA VIDA
Que che está a tecer BEGONTE
e mañá ó raia-lo día
xa apagarás eses lumes
eses tronos e esas iras
que acesos temo-los homes
nesta cloaca de víboras
Durme Xesusiño... Durme
Que mañá serás mesías

.... asilo, virdade e morte
Durme Noso neno ... durme
Durme no templo de vivaz
Que che levantou BEGONTE

\- Que por cen anos, cen... Viva
O Belen Electronico de BEGONTE
Que xa pregoado queda

---

Belen 11 do Nadal do 2.004